

Orde de 18 de abril de 1985, sobre renovación do DNI, para a substitución do nome propio do seu titular polo seu equivalente en calquera das linguas españolas (BOE nº 101, de 27 de abril de 1985)

A Lei 17/1977, do 4 de xaneiro, no seu artigo 2, posibilita que, gratuitamente, a pedimento do interesado ou do seu representante legal, se proceda á substitución no rexistro civil do nome propio polo seu equivalente en calquera das linguas españolas.

Parece non só razoable, senón aconsellable, que esta facilidade que se lles outorga aos administrados no rexistro civil se faga tamén extensiva ao documento nacional de identidade, que ten que ser sempre un fiel reflexo dos datos que obran naquel, máxime tendo en conta que a lei 84/1978, do 28 de decembro, pola que se regula a taxa para a súa expedición, tamén contempla, no seu artigo 4, parágrafo 2, a gratuidade por modificación de datos filiatorios.

Na súa virtude, facendo uso da facultade conferida na disposición final primeira do Decreto 196/76, do 8 de febreiro, tivo a ben dispoñer:

Primeiro

A renovación do documento nacional de identidade, para substituír o nome propio do titular pola súa traducción a calquera das linguas españolas, farase de balde.

Segundo

Para efectuaren a dita renovación, os interesados, ao formularen a solicitude, deberán xustificar o cambio, acompañando unha certificación do Rexistro Civil en que conste a substitución, ou por medio do Libro de Familia, caso no que presentarán, canda este, unha fotocopia da páxina na que o Rexistro Civil estampase a dilixencia de substitución do nome, para que, unha vez cotexada, quede arquivada no equipo do documento nacional de identidade, para constancia neste.